



## **BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DUN SOCORRISTA AO ABEIRO DO PROCEDIMENTO TR351A - SUBVENCIÓN PARA ENTIDADES LOCAIS QUE CONTRATEN TRABALLADORES DESEMPREGADOS PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS E SERVIZOS DE INTERESE XERAL E SOCIAL.**

### **PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

É obxecto da presente convocatoria a regulación da contratación dun socorrista ao abeiro da subvención concedida no marco da Orde do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022 (DOG nº 21 do 1 de febreiro de 2022) (código de procedemento TR351A).

Este traballador dedicarse a execución das actuacións subvencionadas, isto é, vixilancia e salvamento nas praias do Concello.

### **SEGUNDA.- Modalidade contractual e duración**

Tendo en conta que a disposición final segunda do Real decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, introduce unha nova disposición adicional novena no texto refundido da Lei de Emprego, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2015, do 23 de outubro, coa seguinte redacción:

*“Contratos vinculados a programas de activación para o emprego.*

*1. As administracións públicas e, de ser o caso, as entidades sen ánimo de lucro poderán realizar contratos para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral no marco dos programas de activación para o emprego previstos neste texto refundido da Lei de Emprego, cuxa duración non poderá exceder de doce meses”.*

Polo tanto, á vista desta modificación legal e tendo en conta que os contratos subvencionados polos procedementos TR351A, TR351F e TR351G están vinculados a programas de activación para o emprego, tal e como se recolle nas exposicións de motivos das correspondentes bases reguladoras, a contratación realizarase a través da modalidade de contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, a tempo completo cunha duración de 2,5 meses.

As vacacións e o horario, que poderá ser partido en xornada de mañá e tarde, e de luns a domingo, adaptaranse ás necesidades do servizo.

### **TERCEIRA.- Retribucións**



As retribucións son as establecidas conforme ao convenio colectivo de PERSOAL LABORAL CONCELLO CEE, publicado no BOE/DOG , de 28 / 10 / 2002, e modificación publicada no Boletín Oficial da Coruña número 259 de 10/11/2008 (táboas salariais 2009 e 2010) así como modificacións/actualización posteriores establecidas pola normativa.

## **CUARTA.- Funcións**

Este servizo créase ó abeiro da comunicación da Consellería de Emprego e Igualdade, en relación o expediente TR351A 2022/000025-1 pola que se concede unha subvención para a contratación dun traballador o abeiro da Orde do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022 (DOG nº 21 do 1 de febreiro de 2022) (código de procedemento TR351A).

As funcións e tarefas a desempeñar polos/as traballadores/as son as propias da ocupación de socorrista, abarcando as actuacións necesarias para garantir a seguridade dos usuarios da praia e brindar resposta inmediata de rescate acuático y/o atención básica de emerxencia aos mesmos, así como a limpeza e axeitado mantemento das instalacións existentes.

## **QUINTA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES**

Os participantes no proceso de selección poderán ser unicamente aqueles que se encontren incluídos na listaxe de candidatos/as remitida pola Oficina Pública de Emprego en relación coa oferta de emprego que realizará o Concello de Cee para cubrir dita praza.

Para poder tomar parte neste proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir os requisitos establecidos nos art. art. 56 e seguintes Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto de Empregado Público e aqueles establecidos pola Orde do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022 (DOG nº 21 do 1 de febreiro de 2022) (código de procedemento TR351A), isto é:

- A) Ser cidadán español, sen prexuízo do establecido no art. 57. 4 Real Decreto Lexislativo5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto de Empregado Público en canto resulte de aplicación e nos termos establecidos.
- B) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa.



C) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado nos mesmos termos o acceso ao emprego público

D) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida ou sexa incompatible co normal desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta. As persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 por cento deberán facelo constar na súa solicitude, sinalando se precisan de adaptación para realizar as probas. A condición de discapacitado acreditarase mediante certificación expedida por organismo competente. Acreditarase mediante certificado médico oficial.

E) Estar desempregado e inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego

F) Os traballadores e as traballadoras que fosen contratados, por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2021, pola Consellería de Emprego e Igualdade, no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán ser contratados con cargo ás axudas previstas nesta orde.

G) Estar inscrito no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia (sección: espazos naturais), de conformidade co Decreto 152/2021, do 21 de outubro, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG núm. 216 do 10 de novembro de 2021).

H) No suposto de estar exento de realizar a proba de galego. Acreditación de estar en posesión do CELGA 2 ou ter superado o curso de coñecementos en lingua galega de nivel equivalente

Os anteriores requisitos deberanse posuír con referencia ao derradeiro día do prazo de presentación de solicitudes e gozar dos mesmos durante o proceso selectivo e ata a formalización do contrato de traballo.

Será nula a contratación dos que estean incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

## **SEXTA. - PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS**

O proceso selectivo realizarase mediante presentación de oferta de emprego ante a oficina do Servizo público de emprego de Cee, co obxecto de dar cumprimento o establecido no artigo 14.3 da Orde do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de



colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022 (DOG nº 21 do 1 de febreiro de 2022) (código de procedemento TR351A).

*“As entidades beneficiarias da subvención solicitarán as persoas traballadoras que necesiten mediante a presentación de oferta de emprego na oficina pública de emprego, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir as persoas traballadoras que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados, ...”*

Unha vez recibida a lista cos candidatos seleccionados pola Oficina de emprego, procederase á publicación da mesma no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Cee na dirección (<https://sede.cee.gal/opencms/es/informacion/>) e, a título meramente informativo, na páxina web municipal, e os devanditos candidatos disporán dun prazo máximo de **3 días hábiles** a contar dende o día seguinte á data de publicación, para presentar solicitude de participación no proceso selectivo nos modelos normalizados que figuran como anexos a estas bases.

As instancias dirixiranse ó Alcalde do Concello de Cee e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de 9 a 13.30 horas, situado na rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n, 15270 Cee, A Coruña, ou na forma prevista nas Leis 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fagan constar nas súas solicitudes, podendo demandar a súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido para presentación de solicitudes de participación no proceso, transcorrido o cal non se admitirá ningunha petición desta natureza.

Coa presentación da citada instancia entenderase que os/as interesados/as aceptan todas e cada unha das bases deste convocatoria.

## **Documentación**

Os aspirantes ó posto deberán aportar a seguinte documentación.

### **a) Obrigatoriedade**

- Solicitude nos modelos normalizados que figuran como anexos a estas bases.
- Documentación acreditativa dos requisitos sinalados no apartado “Requisitos dos aspirantes”.
  - Ser desempleado inscrito como demandante de emprego como demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego.
  - Estar inscrito no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia (sección: espazos naturais), de conformidade co Decreto 152/2021, do 21 de outubro, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de



socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG núm. 216 do 10 de novembro de 2021).

- No suposto de acreditar estar exento de realizar a proba de galego. Acreditación de estar en posesión do CELGA 2 ou ter superado o curso de coñecementos en lingua galega de nivel equivalente

## **b) Voluntariamente**

A presentación de documentación acreditativa dos aspectos a valorar na fase de concurso é voluntaria por parte do aspirante. En todo caso, non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, no último día do prazo de presentación da instancias. De non presentarse documentación acreditativa dos méritos a valorar a puntuación na fase de concurso será de 0 pts.

Segundo establece o artigo 28.3 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas a documentación poderá aportarse en copia simple. En caso de que dita documentación xa obrase en poder da administración poderá solicitarse que se faga uso da mesma, indicando na solicitude en que momento e ante que órgano administrativo se presentou dita documentación.

Unha vez realizada a selección, os aspirantes seleccionados deberán aportar en orixinal ou copia compulsada toda a documentación obxecto de valoración no proceso.

## **SEPTIMA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES**

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Corporación, ditará resolución na que se aprobará a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as que se publicará no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Cee na dirección (<https://sede.cee.gal/opencms/es/informacion/>) e, a título meramente informativo, na páxina web municipal.

Os aspirantes excluídos, así como os omitidos na relación de admitidos ou excluídos disporán dun **prazo de 3 días hábiles** contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución para emendar os defectos que motivaran a súa exclusión ou a súa omisión das relacións de admitidos e excluídos. Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non emendasen a exclusión ou non alegasen á omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos do procedemento.

Transcorrido o prazo sinalado no punto anterior, a Alcaldía ditará resolución na que se aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, así como a resolución das solicitudes de abstención ou recusación dos membros do tribunal e o lugar, data e hora do comezo do proceso de selección.



No caso de que as solicitudes non deran lugar á emenda, a resolución da Alcaldía aprobará xa a lista definitiva de aspirantes admitidos sen prexuízo de que contra a mesma se poderán interpoñer os recursos procedentes en dereito.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñece aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca mediante a correspondente resolución. Se nun momento posterior se desprende que non se posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos.

No caso de que por circunstancias excepcionais houbera que modificar lugar, data ou hora dalgunha das probas a realizar, a modificación publicarase no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Cee na dirección (<https://sede.cee.gal/opencms/es/informacion/>) e, a título meramente informativo, na páxina web municipal.

## **OCTAVA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

1-. O Tribunal Cualificador estará integrado do seguinte xeito:

Presidente: Un empregado/a público a designar pola Alcaldía (titular e suplente).

Secretario/a: Un empregado/a público a designar pola Alcaldía, que actuará con voz e sen voto (titular e suplente).

Vogais: Tres empregados/as públicos a designar pola Alcaldía (titulares e suplentes).

Presidente	Manuel Calo Canosa
Suplente Presidente	Patricia Tellado Campos
Secretario	Juan Carlos Santabaya Louzán
Suplente Secretario	Rocio Hermida Cancela
1º Vogal	Carmen Rodiño Blanco
Suplente 1º Vogal	Victor Manuel Castiñeira Castro
2º Vogal	José Ramón Rey Senra
Suplente 2º Vogal	Rosa María Fernández Canosa
3º Vogal	Angelina Blanco Rial
Suplente 3º Vogal	Francisco Javier Landeira Rial

Os seus integrantes deberán ser funcionarios/as ou persoal laboral fixo ó servizo das Administracións Públicas, con titulación igual ou superior á requirida para o acceso á praza.



# Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº  
15270 CEE (A Coruña)  
CIF: P1502300E  
Teléfono: 981 745 100  
Fax: 981 746 757  
[correo@cee.gal](mailto:correo@cee.gal)  
[www.cee.gal](http://www.cee.gal)

2. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que os designe, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real decreto 36.4/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Así mesmo, os interesados poderán recusar aos membros do tribunal cando, ao seu xuízo, concorra neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme ao artigo 24 Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

A pertenza aos órganos de selección realizarase a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

3. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do Presidente e do Secretario ou, no seu caso, dos seus suplentes, e da metade, polo menos, dos seus membros.

4. O Tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, e estes limitaranse unicamente ó exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaborarán co órgano de selección.

5. A composición dos tribunais será predominantemente técnica, non formará parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios/as interinos/as e o persoal eventual.

6. O tribunal resolverá cantas dúbidas poidan exporse e poderá adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

7. Aos membros ou asesores do tribunal que concorran ás súas sesións, aboaráselles indemnizacións por asistencia e, cando cumpra, por dietas e gastos de viaxe, nas contías establecidas na lexislación vixente no momento dos devengos.

## **NOVENA.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.**

O sistema de selección será o de concurso-oposición. Valoraranse unicamente os méritos debidamente acreditados polos aspirantes en todos os seus extremos, no último día do prazo de presentación da instancias:

### **FASE DE CONCURSO:**

Aos efectos de dar cumprimento ao art. 14 da orde do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o



## Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº  
15270 CEE (A Coruña)  
CIF: P1502300E  
Teléfono: 981 745 100  
Fax: 981 746 757  
[correo@cee.gal](mailto:correo@cee.gal)  
[www.cee.gal](http://www.cee.gal)

exercicio do ano 2022 (DOG nº 21 do 1 de febreiro de 2022) (código de procedemento TR351A) á que están vinculadas as presentes contratacións/selección de persoal, a fase de concurso desenvolverase da seguinte forma.

A puntuación máxima total do concurso establécese en **CATRO puntos**.

A) Formación Profesional teórico -práctica en materias relacionadas coas función da praza obxecto de selección, ata un **máximo de 1 punto**.

- 0,005 puntos por cada hora de formación
- 1 punto por estar en posesión da Autorización Federativa a motor para embarcacións de recreo, ou licenza equivalente ou superior.

B) Experiencia profesional:

A razón de 0,10 puntos por cada mes traballado en cometidos semellantes ós da praza obxecto da convocatoria, ata un **máximo de 1 punto**.

O calculo de meses farase sumando o total de días traballados segundo o informe de vida laboral e dividindo o mesmo entre 30.

A acreditación dos servizos prestados efectuarase mediante certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral de Seguridade Social acompañado do certificado de empresa no que conste a categoría na que se teñen prestado os servizos e/ou contrato de traballo. A non presentación de ámbolos documentos (vida laboral+ certificado de empresa e/ou contrato de traballo) suporá a non valoración do mérito alegado.

C) Colectivos preferentes.

Segundo establece o artigo 14.5 das bases da convocatoria, terán preferencia os seguintes colectivos ata un **máximo de 2 puntos**.

- a) Mulleres. 0,25 pts.
- b) Mulleres que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero. 0,25 pts.
- c) Menores de 30 anos. 0,25 pts.
- d) Menores de 30 demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional. 0,25 pts.
- c) Persoas paradas de longa duración. 0,25 pts.
- d) Persoas con discapacidade. 0,25 pts.
- e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito. 0,25 pts.
- f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos. 0,25 pts.
- g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia. 0,25 pts.





# Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº  
15270 CEE (A Coruña)  
CIF: P1502300E  
Teléfono: 981 745 100  
Fax: 981 746 757  
[correo@cee.gal](mailto:correo@cee.gal)  
[www.cee.gal](http://www.cee.gal)

- h) Ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento. 0,25 pts.
- i) Carecer de protección por desemprego. 0,25 pts.
- j) Ter previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional. 0,25 pts.

<b>COLECTIVO</b>	<b>DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA</b>
Mulleres.	DNI
Mulleres que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.	Informe da área de Servizos Sociais ou centro de información á muller do municipio de residencia do solicitante, informe das forzas e corpos de seguridade.
Menores de 30 anos.	DNI
Menores de 30 demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.	DNI e Vida Laboral.
Persoas paradas de longa duración.	Informe de períodos de inscrición emitido pola oficina de emprego.
Persoas con discapacidade.	Certificado de minusvalía
Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.	Informe da oficina de emprego.
Persoas desempregadas maiores de 45 anos. 0,5 pts.	DNI
Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.	Informe de Servizos Sociais.
Ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento	Informe servizos sociais ou doc. acreditativa do mesmo.
Carecer de protección por desemprego.	Informe oficina de emprego/ Informe servizos sociais
Ter previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional	Informe oficina de emprego/orientación laboral.

## **FASE DE OPOSICIÓN**

Consistirá nunha proba teórica de carácter obrigatorio e eliminatorio e unha proba de coñecemento do idioma galego.

Os aspirantes deberán acudir ás probas nas horas e datas dos respectivos chamamentos, sen posibilidade de aprazamento, calquera que fose a causa que lles impedira acudir, salvo os casos debidamente xustificadas que serán libremente apreciados polo tribunal. Os aspirantes deben acreditar a súa personalidade coa exhibición do DNI, pasaporte ou carné de conducir.

A actuación dos aspirantes no exercicio levarase a cabo por orde alfabética.



## **PROBA TEÓRICA:**

Exame de coñecementos teóricos, obrigatorio e eliminatorio, de carácter escrito cunha **valoración máxima de 6 puntos**, e que terá por obxecto avaliar os coñecementos e habilidades para desenvolver as funcións propias do cargo.

Consistirá nunha proba de 3 a 5 preguntas a desenvolver relacionadas co temario específico anexo a estas bases. A duración máxima para a realización deste exercicio será de 60 minutos, podendo o tribunal determinar tempos inferiores se así o estima conveniente.

O exercicio será cualificado de 0 a 6 puntos máximo, sendo necesario acadar unha puntuación de 3 puntos para superalo, dado o seu carácter eliminatorio.

Terá por obxecto avaliar os coñecementos e habilidades para desenvolver as funcións propias do cargo.

## **PROBA COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO. OBRIGATORIA E ELIMINATORIA.**

Consistirá na realización dun ou varios exercicios de acreditación de coñecementos do idioma galego a realizar nun tempo máximo de 30 minutos.

A valoración desta proba será de apto ou non apto.

Terá carácter eliminatorio e será obrigatoria a súa realización para aquelas persoas aspirantes que non acreditan estar en posesión do título acreditativo de coñecemento da lingua galega.

Ao obxecto desta proba poderá incorporarse o persoal especializado que considerara necesario o tribunal.

## **DECIMO: Publicidade e desenvolvemento das probas.**

A data, hora e lugar na que haberá de constituírse o tribunal, así como o día, hora e lugar para o comezo do primeiro exercicio das probas selectivas convocadas serán determinados pola Alcaldía mediante decreto, xuntamente coa lista definitiva de admitidos e excluídos. Esta resolución así como os posteriores anuncios relativos á celebración dos exercicios publicarase nos termos establecidos na base décimosegunda: Publicidade.

Os aspirantes deberán acudir ás probas na hora e data do respectivo chamamento, sen posibilidade de aprazamento calquera que fose a causa que lles impedira acudir, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas que serán libremente apreciados polo tribunal.

Os aspirantes deben acreditar a súa personalidade coa exhibición do DNI, pasaporte ou carné de conducir.



Será obrigatorio o cumprimento da normativa relativa á situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 que se atope vixente no momento de realización das probas.

Os resultados das diferentes probas publicaranse no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Cee na dirección (<https://sede.cee.gal/opencms/es/informacion/>) e, a título meramente informativo, na páxina web municipal indicando, no seu caso, a lista de candidatos presentados e non presentados así como as diferentes puntuacións/valoracións obtidas. Se a proba ten carácter eliminatorio indicárase se o candidato queda eliminado.

Unha vez rematadas as probas, publicaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica as puntuacións totais acadadas, ordenando os candidatos de maior a menor por orde de puntuación e procederase a elevar proposta de contratación dos candidatos por orde de puntuación acadada no proceso, comezando polo de maior puntuación, sen que en ningún caso exceda do número de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

Se un aspirante rexeita a oferta de emprego entenderase que desiste do seu dereito e procederase a seleccionar ó seguinte aspirante segundo orde de puntuación.

A alcaldía resolverá o procedemento de selección mediante decreto que será publicado no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Cee na dirección (<https://sede.cee.gal/opencms/es/informacion/>).

O/a aspirante proposto/a achegará dentro do prazo de tres días hábiles contados a partir da publicación da listaxe de persoas seleccionadas os orixinais/copias compulsadas da documentación valorada no proceso.

Se dentro do prazo indicado, o/a aspirante proposto/a non presentase a súa documentación ou non reunise os requisitos esixidos, non poderá ser nomeado/a, e quedará anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades que incorrese por falsidade na instancia solicitando tomar parte no proceso selectivo.

### **UNDÉCIMO: Lista de reserva**

Na acta da selección, incluírase como lista de reservas, unha relación dos aspirantes que non foran incluídos na relación de aprobados e proposta de designación, co fin de que, se por calquera circunstancia algún aspirante incluído nesta non fora nomeado, poderían selo, pola orde de puntuación obtida no proceso de selección.



Cando un dos aspirantes incluídos na lista fose chamado para ocupar un posto, ó remata-lo período de contratación recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que poderá ser chamado para unha nova contratación

### **DUODÉCIMO: Empate na orde de puntuación**

En caso de empate, a orde de puntuación dos candidatos establecerase como segue:

- 1.-Nota da fase de oposición.
- 2.-Nota da fase de concurso.
- 3.-Letra do primeiro apelido tomando como referencia o establecido na última resolución anual pola que se publica o resultado do sorteo ó que se refire o Regulamento General de Ingreso del Personal al Servicio de la Administración del Estado (Orden de actuación dos aspirantes en probas selectivas).
- 4.- Sorteo

### **DÉCIMO SEGUNDO: PUBLICIDADE**

As documentación relacionada co proceso selectivo publicarase no Taboleiro de anuncios municipal na sede electrónica municipal.

<https://sede.cee.gal/opencms/es/informacion/tablon/>

Da documentación que se publique no taboleiro de anuncios, realizarase así mesmo publicación, con carácter meramente informativo, na páxina web municipal: [www.cee.gal](http://www.cee.gal)

### **DÉCIMO TERCEIRO: Adaptacións para persoas con minusvalía**

Nas probas selectivas estableceranse para as persoas con minusvalía que o soliciten expresamente na súa instancia, as adaptacións posibles de tempo e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes.

Os/as aspirantes que fagan valer a súa condición de persoa con discapacidade deberá presentar certificado dos órganos competentes da Administración autonómica ou estatal que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

### **DÉCIMO CUARTO: Recursos.**

Esta convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven delas ou da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida nas Leis 39/2015, de 1 de outubro, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas e 40/2015, de 1 de outubro, de Régimen Jurídico del Sector Público



# Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº  
15270 CEE (A Coruña)  
CIF: P1502300E  
Teléfono: 981 745 100  
Fax: 981 746 757  
[correo@cee.gal](mailto:correo@cee.gal)  
[www.cee.gal](http://www.cee.gal)

## **DÉCIMO QUINTO: ACLARACIONES**

Os aspirantes deberán estar en posesión de todos aqueles requisitos esixidos nestas bases o último día do prazo de presentación de solicitudes, e gozar e ter dispoñibilidade deles durante toda a contratación.

Salvo que se indique expresamente nestas bases os aspirantes deberán presentar tódolos datos persoais e profesionais que poidan ser obxecto de avaliación en cada praza concreta.

So serán obxecto de puntuación aqueles méritos tanto formativos como de experiencia laboral que estean relacionados co posto de traballo obxecto do proceso de selección.

Cee, na data da sinatura dixital

Asdo. Margarita Lamela Louzán. Alcaldesa.



## ANEXO I

<b>1.- POSTO DE TRABALLO A QUE ASPIRA:</b> SOCORRISTA		
<b>2.- CONVOCATORIA:</b> PROCESO DE SELECCIÓN EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL DUN SOCORRISTA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO SOCORRISMO 2022.		
<b>3.- DATOS PERSOAIS:</b>		
<b>NOME</b>	<b>DNI</b>	
<b>DOMICILIO</b>		
<b>MUNICIPIO</b>	<b>PROVINCIA</b>	<b>CÓDIGO POSTAL</b>
<b>TELÉFONO</b>	<b>CORREO ELECTRÓNICO</b>	

O abaixo asinante solicita ser admitido/a ó concurso-oposición a que se refire a presente instancia e declara:

- Que son certos os datos obrantes nela.
- Que ten coñecemento e acepta na súa totalidade o contido das bases que regulan este proceso selectivo.
- Que cumpre coa totalidade dos requisitos tanto xerais como específicos establecidos no apartado terceiro: Requisitos dos aspirantes.
- Ser desempleado inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego.
- Non ter sido contratado por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2021 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas.

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2022

**Sinatura**



**Concello de Cee**

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº  
15270 CEE (A Coruña)  
CIF: P1502300E  
Teléfono: 981 745 100  
Fax: 981 746 757  
[correo@cee.gal](mailto:correo@cee.gal)  
[www.cee.gal](http://www.cee.gal)

## **ANEXO II**

### **Temario da proba teórica**

1. O servizo de socorrismo. Definición e funcións.
2. Primeiros auxilios
3. Teoría das labores de salvamento.
4. Aspectos médicos del Salvamento acuático.
5. R.C.P.
6. Aspectos ético - legais do Salvamento acuático.